

13



## Ollos abertos

### Os mandatos que nos fan

Moitas veces sucédenos a nós e á maioría dos nenos da nosa idade o mesmo: as persoas maiores mándannos recados que temos que facer.

Sabela,  
eu teño que saír un momento. Cando remates de facer os deberes, baixas o lixo e vai buscar ao Súper o pan e o leite. Despois pon a mesa. Eu veño enseguida pero á miña volta quero que estea feito todo isto que che mando.



- ▶ ¿Cales son os recados ou tarefas que con máis frecuencia che mandan facer?
- ▶ ¿Cales son os que máis che custan? ¿E os que máis che gustan?



## Mirada penetrante

### Comportamentos ante os encargos

Ante os encargos que nos fan, hai moi distintas maneiras de comportarse.

Actitude	Feitos
“Palabras”	• Fai as cousas protestando e de mala gana.
“Responsable”	• Sente satisfacción de poder axudar aos demais.
“Escorregadizo”	• Inventa desculpas para non ter que prestar axuda.
“Inconstante”	• Promete moitas cousas, pero nunca fai nada por ninguén.
“Tarde-mal-e-nunca”	• Traballa con ilusión dous ou tres días, pero logo abandona todo.
“Mal xenio”	• Espera para o último momento e logo fai todo a correr e mal.
“Solidario”	• Acepta o encargo e pón todo o esforzo en cumprilo ben.

- ▶ Une cada actitude co feito que lle corresponde.



## Oídos atentos

### As primeiras comunidades cristiás

Xesús encargoulles aos Apóstolos estender o Reino de Deus por todo o mundo. Por iso fundou a Igrexa. Coa predicación dos Apóstolos foron nacendo as primeiras comunidades cristiás.

## ■ 1 ■ As primeiras comunidades cristiás

### ■ Actividades

1	<div style="border: 1px solid black; border-radius: 15px; padding: 10px; width: fit-content; margin: 0 auto;">             O Reino de Deus           </div>	•
2		• •
3		• Van ao Templo a orar. • •
4		• Curan enfermos, resucitan mortos, expulsan demos, perdoan pecados. • Comunican o Espírito Santo.

### ■ O gran protagonista

O Espírito Santo	• • • •
------------------	------------------

## ■ 2 ■ Personaxes

	• Oraba cos Apóstolos esperando o Espírito Santo.
Pedro, Santiago, Xoán, Filipe e os demais Apóstolos	•
	• Primeiro perseguiu aos cristiás pero logo converteuse e foi o maior mensaxeiro de Xesús entre os pagáns.
	•
	•

## ■ 3 ■ Dificultades que tiñan

	•
Moitos que escoltaban	•
	• Non se comportaban ben e enganaban aos Apóstolos.
	•

#### ■ 4 ■ A vida das primeiras comunidades cristiás segundo o narra a Biblia

O libro dos Feitos dos Apóstolos cóntanos como eran a predicación dos Apóstolos, a vida e actividades das primeiras comunidades cristiás.



A comunidade dos crentes tiña un só corazón e unha soa alma... Todas as cousas eran comúns... Non había entre eles ningún necesitado, porque repartían a cadaquén segundo precisaba. (Feit 4,32. 34-35)



Os apóstolos, con gran poder, daban testemuño da resurrección do Señor Xesús, e todos eles eran ben considerados. (Feit 4,33)



Os saduceos chamaron polos apóstolos, e, despois de os azoutar, ordenáronlles que non falasen no nome de Xesús. (Feit 5,40)



Cada día no Templo e nas casas non paraban de ensinar e de anunciar a Boa Nova de que Xesús é o Mesías. (Feit 5,42)



Os apóstolos facían moitos sinais e prodixios entre o pobo... Quitaban para as rúas os enfermos en camas e padiolas... e todos quedaban curados. (Feit 5,12.15-16)



Recibiredes a forza do Espírito Santo, que virá sobre vós e seredes as miñas testemuñas en Xerusalén... e ata os confíns da terra. (Feit, 1,8)



O Señor díxolle a Ananías:  
-Vai, que ese home (Paulo) é un instrumento escollido por min para levar o meu nome diante dos pagáns, dos seus reis e dos israelitas. (Feit 9,15)



### Memoria esperta

#### A misión de Xesús

As primeiras comunidades cristiás son para a Igrexa un modelo ao que imitar sempre. Por iso se nos invita a coñecer a súa vida e a seguir o seu exemplo.




- ¿Cal é a misión confiada por Cristo aos Apóstolos?
- ¿Como foi acollida a predicación dos Apóstolos?
- ¿Como realizan os Apóstolos a misión encomendada?
- ¿Como vivían os primeiros cristiáns?



## Mans activas

### Ser misioneiro, cristián e eclesial

O apóstolo Paulo descubriu a Xesús despois da súa morte e resurrección e anunciou o seu Evanxeo. Por iso Paulo pode ser un modelo para todos nós.

	PAULO DE TARSO	NÓS, OS CRISTIÁNS DE HOXE
<b>Misioneiro</b> 	Anunciador entusiasta do Evanxeo por todo o mundo. (Rom 15,19)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Damos bos consellos aos compañeiros.</li> <li>• Procuramos coñecer ben a Mensaxe cristiá.</li> <li>• Falamos de Xesús aos demais.</li> </ul>
<b>Cristián</b> 	Fiel seguidor de Xesús: ámao e cumpre en todo a súa vontade. (Flp 1,21; 3,8-9)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Amamos a Xesús e tratamos de segui-lo.</li> <li>• Queremos aos demais e procuramos axudarlles.</li> <li>• Colaboramos con boas obras a facer un mundo mellor.</li> </ul>
<b>Eclesial</b> 	Funda moitas comunidades cristiás, visitaas e ánimaas. (Feit 15,36)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Queremos a Igrexa; ela é nosa nai.</li> <li>• Oramos para que cumpra a misión que Cristo lle encomendou.</li> <li>• Participamos nas actividades da Igrexa.</li> </ul>

1 2 3 4 5

▶ ¿Somos nós, coma Paulo, misioneiros, cristiáns, eclesiais?

▶ Para sabelo, puntúa do 1 ao 5 cada frase da columna da dereita segundo como sexa a túa actitude en cada caso: nada (1), pouco (2), máis ou menos (3), bastante (4) ou moito (5).